

Semana do Luns 8 de Xuño de 2020!

Queridas familias castoras...Achegámonos a penúltima semana de curso escolar, e, como faríamos no cole, a semana que daríamos por rematados os libros xa que se aveciñarían días de excursións, talleres, xogos, actuacións...

Este ano que nos toca rematar o curso así, non poderemos desfrutar xuntos, pero tamén queremos cumprir co programado e por esta razón a semana que ven recibiredes algunha que outra proposta máis lúdica, e deixamos que flexibilicedes coas tarefas escolares en función das vosas necesidades.

Tamén as profes, esta semana comezamos a ir ó cole e temos que preparar moitas cousas que non nos permitirá estar tan pendentes do ordenador, xa que nos solicitan facer informes e documentos nos que, noutras ocasións, teríamos máis tempo xa que os prazos non eran tan curtos... Isto non significa que xa non vaiades a saber nada de nós, simplemente que decidimos enviar a explicación das fichas que faltaban, que eran poucas, todas xuntas, para que vos organicedes vós e non teñamos que estar todos pendentes de cando se colga o traballo diario, pero nós aquí seguimos para o que necesitedes, aclarar dúbidas e preparando algunha que outra sorpresinha que tamén se merecen as nosas pequenas e pequenos.

Sen máis, e sen día marcado...comezamos a rematar!


ÁNIMO!

5 ANOS

- FICHA 20:RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS POSIBLE/IMPOSIBLE:

Hoxe imos tratar o que é posible e imposible pero primeiro....sabes que significa? Para vos...é posible facer todo? Hai algo imposible?

Primeiro, imos ver as seguintes fotos e debuxos e teredes que dicir si representan cousas que se poidan facer ou que non sexan posibles:



No espacio, tamén hai cousas posibles e imposibles...nos mesmos poderíamos ir? Que preparación teríamos que ter? Agora mira a ficha, e as fotografías de abaixo. RECORTAAS e PEGAAS segundo sexan accións posibles ou imposibles de facer no espacio. Cando remates, DEBUXA A CARA DO ASTRONAUTA CON CERA BLANCA, e despois, na súa man, UN OBXECTO QUE SEXA NECESARIO para levar ó espazo.

E agora pregunto...credes que vos seríades capaces de elaborar vosa mochila-cohete para ir ó espazo? Seguramente para chegar ata alí non vos vale, pero para pasar un tempo divertido en familia si...asi que...ahí vai unha manualidade moi cósmica!



MATERIAL:

- Dúas botellas de plástico de litro e medio.
- Témperas de cores ou sprays.
- Cinta adhesiva.
- Cartolinas de cores do lume ou papel celofán: vermello, laranxa, amarelo...
- Cartón.
- Dúas gomas anchas longas, para

usar como asas.

- Grapas, fío e aguxa...

PROCEDEMENTO:

- En primeiro lugar, pintamos as dúas botellas igual: prata, ouro...pegámoslles gomets, debuxos...o voso gusto.
- Despois nas cartolinas facemos unhas gotas de lume e recortámolas, se son cores varios, podemos pegar unhas por encima das outras para darlle un aspecto máis real, e se é papel celofán, mezclaras.
- Coa cinta adhesiva ou cola, pegámoslas nos extremos das botellas máis estreitos, onde iría o tapón.
- A continuación, collemos as botellas, e, nun cartón tamaño folio, ou algo máis ancho, pegámoslas co lume hacia abaixo. Para isto será mellor usa cola ou pegamento forte.



- Collemos as gomas anchas, e medimos como se fosen dúas asas dunha mochila. Canto as cortemos a nosa medida, facemos dous cortes a cada lado do cartón, un arriba e outro abaixo, para pasar a goma por ahí e sujetala. Pódese facer un nó, ou ben coselas ou grapalas...
- Voilá! Xa tedes o voso cohete espacial!



- **FICHA 21: PENSAMIENTO CREATIVO**

Imos deixar voar a imaxinación nesta actividade...agora que coñeces o espazo, a vía láctea, as estrelas...credes que nos demais planetas pode haber vida? Imaxinades outro mundo como o noso pero...en Saturno por exemplo? Como credes que sería? Gustaríache ir de vacacións fóra da Terra?

Aquí tes o teu espazo, **INVENTA O PLANETA QUE DESEXES E DEBUXA CÓMO SERÍA, CÓMO SERÍAN OS SEUS HABITANTES!** Igual que no? Ou extraterrestres? Gustaríache visitalos? Pois ademais deles **DEBUXA O MEDIO DE TRANSPORTE NECESARIO** para chegar ó novo planeta por ti creado!

Una vez realizado o teu debuxo, repasado, coloreado...**ESCRIBE O SEU NOME!**

Sei que sodes moi bos facendo estas creacións, así que espero velas!

- **FICHA 22: OPERACIONES, LA RESTA**

A estas alturas xa sodes uns expertos en restas! E aquí vades ter tamén unha axudiña...pero primeiro...como se chama o que aparece na imaxe? ESCRIBE O SEU NOME! A continuación SOLUCIONA AS OPERACIÓNS, e COLOREA segundo a lenda!

Este cohete está desorientado, porque...faltalle o piloto! Debuxa a o astronauta que debía ir nel! E despois, no REVERSO, segue facendo as restas!

Aquí outras imaxes para colorear despois de facer operacións!




6

7

8

9




Colorea



según

el


resultado



COLOREAMOS SEGÚN EL RESULTADO



COLOREAMOS SEGÚN EL RESULTADO



- **FICHA 23: ORIENTACIÓN ESPACIAL, DERECHA E IZQUIERDA.**

Como credes que o home chegou a Lúa? Vos poderiades ir? Imos ver este vídeo onde explica como se chegou a pisar...

https://www.youtube.com/watch?v=va_ktiYW8tc

Nesta actividade, non ides viaxar á Lúa pero sí que faredes que alguen coñecido chegue a ela porque tedes que DEBUXAR A CORA Á DEREITA do astronauta, e a súa NAVE ESPACIAL, Á ESQUERDA!

Agora, busca obxectos pola casa e sepáraos, uns a túa esquerda e outros á dereita....e tamén pensa...con que man escribes? Cal é o teu pé esquerdo? Coa axuda da mamá ou o papá, intenta reflexionar sobre ambos lados!

Para saber un pouquiño máis...

DE VIAJE POR EL ESPACIO



YURI GAGARIN
Primer hombre
en viajar al espacio.



VALENTINA TERESHKOVA
Primera mujer
astronauta.




APOLO 11
Primera misión espacial
tripulada en llegar
a la Luna.



MARS 3
Primera misión espacial
que aterriza en Marte.



TRAJE DE ASTRONAUTA




- **FICHA 24: SOMOS ASTRONAUTAS**

Para rematar con oso último libro...imos converternos en astronautas!!! ESCOLLEDE UNHA FOTO da vosa casa, e RECORTADE A CARA para PEGALA DENTRO DO CASCO! Agora TI ERES A E O PROTAGONISTA...asi que...a derradeira actividade é para que a túa imaxinación che leve ata o teu mundo espacial! Podes picar os círculos e poñer papeis de cores por detrás para crear os teus planetas, decorar o traxe do astronauta, debuxar ós teus amigos contigo, facer constelacións...xunta todo o aprendido e remata o libro demostrando todo o que sabes!!! NORABOA!!

**E AGORA UNHAS ADIVIÑAS E TRABALINGUAS QUE CORA NOS
PROPÓN!**

Salgo todas las mañanas;
por la tarde me escondo.
Doy siempre luz y calor
y soy redondo redondo.
¿Quién soy?



Aunque están muy lejos,
Cora casi las puede tocar
mirando por el catalejo.
¿Qué son?



El quitatruenos que a Cora atronó
ni quita los truenos que truenan y atruenan
ni atrapa los truenos que trae el chaparrón.
Julia San Miguel



Cora trajo un traje espacial de trabajo
en el equipaje de viaje
que trajo de su último viaje
de trabajo en el espacio.
Julia San Miguel